

NADAL CON SENTIDIÑO

Concurso de contos ilustrados: o Nadal e a natureza

A Asociación de Amigos do Museo de Historia Natural da Universidade de Santiago de Compostela organiza o Concurso de Contos de Nadal co que se invita a gozar das festas de forma responsable e respectuosa co medio ambiente.

BASES

Primeira. – Disposicións xerais

Trátase de escribir e ilustrar un conto que vincule as festas de Nadal e a Natureza, no que conceptos de coidado e respecto do medio natural e conservación da biodiversidade estean presentes.

Os contos ilustrados que concursen presentaranse no MHN xunto cos seguintes datos:

- 1- Nome do relato
2. Nome, apelidos e teléfono de contacto
- 3- Idade do concursante

Segunda.- Participantes

Establécense dúas modalidades (individual e colectiva) e só se aceptará un traballo por participante.

Na modalidade individual presentarán contos orixinais e inéditos, escritos e ilustrados, de forma individual. A extensión dos contos será libre, en tamaño DIN A-4, preferentemente escritos a man. Establécense as categorías seguintes:

- a. Categoría cativos: ata 8 anos de idade
- b. Categoría mocidade: de 9 a 14 anos
- c. Categoría xeral: maiores de 15 anos

Na modalidade colectiva (aulas escolares, asociacións, grupos...) presentarán unha obra gráfica orixinal e inédita en formato DIN A-3 ou DIN A-2, realizada conxuntamente polo alumnado da aula ou do colectivo de que se trate.

Terceira.- A técnica será libre.

Premiarase a orixinalidade, presentación e calidade.

Cuarta.- Premios

Dentro da modalidade individual haberá dous premios por categoría. Os premiados recibirán un diploma e agasallos consistentes en xogos e libros.

Na modalidade colectiva o primeiro premio consistirá nun diploma e un agasallo colectivo para a entidade participante; e o segundo premio consistirá nun diploma e unha invitación a participar nun obradoiro do MHN.

Quinta.- Exposición e Fallo

Prazo de recepción: os traballos deberán presentarse no MUSEO DE HISTORIA NATURAL antes do día 17 de decembro.

Fallo e entrega de agasallos: establécese o día 18 de decembro como data de fallo do xurado e entrega de premios ás 18:00 h.

A decisión do xurado será inapelable e este será o órgano competente para resolver calquera incidencia u observación que poida formularse.

As obras quedarán expostas durante o período do nadal podendo ser retiradas polos seus creadores a partires do 8 de xaneiro de 2025 ata fins dese mesmo mes.

De non retirarse na data indicada pasará a ser propiedade da AAMHN.

Sexta.- Disposicións derradeiras:

Os datos non serán utilizados para ningún fin alleo a este concurso.

A participación no concurso implica o coñecemento e aceptación destas bases. O xurado queda facultado para resolver os casos non previstos na mesma, así como declarar deserto algún dos premios.